

## Cultura 20 feb 2010

El Correo Gallego  
www.elcorreogallego.es

# Luís Rei, Quiroga e Cid Cabido, entre os finalistas dos premios da AELG

**LETRAS E EDICIÓN** ▶ A Asociación de Escritores en Lingua Galega fai públicas as candidaturas, en oito categorías, dos seus galardóns anuais ▶ A elección dos gañadores coñecerase na Cea das Letras, o vindeiro 17 de abril en Santiago

REDACCIÓN • SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega fixo onte públicos os finalistas aos premios AELG, uns galardóns que, segundo os seus organizadores, "levan camiño de se afianzar como uns dos de máis prestixio no noso panorama literario". No transcurso da Cea das Letras, que se celebrará o 17 de abril en Santiago de Compostela, recoñecerase a mellor obra publicada no 2009 en cadanxe xénero: Ensaio, Literatura Infantil e Xuvenil (en colaboración con Gáliz), Poesía, Narrativa, Tradución (en colaboración coa Asociación Galega de Tradutores), Teatro e Traxectoria Xornalística (que premiará o/a autor/a coa mellor traxectoria xornalística do 2009, e para cuxa elección se contará cos votos dos/as membros do Colexio de Xornalistas), e o mellor blog literario.

Da convención de votos emitidos nunha primeira quenda polos asociados/as á AELG, elaborouse unha listaxe de obras finalistas correspondentes a cada xénero dos mencionados, sobre a que os socios e socias emitirán de novo o seu voto nunha segunda quenda.

O período de votación esténdese desde o 19 de febreiro até o 12 de abril e del sairán os gañadores da presente edición.

No apartado de narrativa os finalistas son tres das novelas más sobranceiras, editadas neste 2009 e as tres por Edicións Xerais. Trátase de *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez, *O Cabo do Mundo*, de Xa-



Luís Rei, esquerda, Agustín Fernández Paz e Dores Tembrás, finalistas dos premios da AELG 2010

### MELLOR TRAXECTORIA XORNALÍSTICA

Belén Regueira, Rivas, Pereiro e Fran P. Lorenzo

A AELG recórre, con dous galardóns, a mellor traxectoria xornalística e o mellor blog literario. Na primeira categoría figuran Belén Regueira, Ana Romaní, Xosé Manuel Pereiro, Bieito Iglesias, articulista semanal en EL CORREO GALLEGO, Lino Braxe, Manuel Rivas, Fran P. Lorenzo –redactor de Cultura nestas páxinas de EL

CORREO e colaborador de *Galicia Hoxe* coa sección semanal *Vai de blog* – e Anxo Tarrío, tamén desde as páxinas do xornal *Galicia Hoxe*.

Na categoría de blogs literarios figurán *A canción do náufrago* (*franciscocastro.blogaliza.org/*), de Francisco Castro; *As uvas na solaina* (*asuvasnolasolaina.blogspot.com/*), de Marcos Valcárcel; a Axenda Cultural da AELG (*axendaaelg.blogaliza.org/*), de Algueirada; *Brétemas* (*bretemas.blogaliza.org/*), de Manuel Bragado; *Cabaret Voltaire* (*cabaretvoltaire.canalblog.com/*), de Jaureguizar; e *O levantador de minas* (*olevantadordeminas.blogaliza.org/*), de Alfredo Ferreiro ■

bier Quiroga e *Unha historia que non vou contar*, de Cid Cabido. En canto ao apartado de poesía son dous os finalistas, pois *O paraíso das sombras*, de Cesáreo Sánchez Iglesias, quen retirou a candidatura pola súa condición de presidente da AELG, entidade organizadora dos Premios. Son poís dous títulos. *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza, e *O pouso do fume*, de Dores Tembrás.

No referido ao ensaio, catro son as achegas sinaladas: *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela; *As razóns do galego. Apelo á cidadanía*, de Henrique Monteagudo; *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, de Xesús Alonso Montero; e *Sonadore e Familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, de María Xesús Nogueira.

No teatro, os asociados da AELG deberán escoller entre *Delimvois*, de Rubén Ruibal; *Medea dos fuxidos e outras pezas*, de Manuel Lourenzo; e *Sempre quisen bailar un tango*, de Teresa González Costa.

Os escritores e escritoras tamén reconócen o labor dos profesionais da tradución. Catro títulos concorren nesta categoría. *Flanagan. Flash-Back*, de Jaume Ribera e Andreu Martín, en tradución de Isabel Soto; *O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk, en tradución de Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos; *Obra dramática completa*, de Sarah Kane, en tradución de Manuel F. Vieites; e *Residente privilexiada*, de María Casares, o volume de memorias no exilio da actriz coruñesa, en tradución de Ana Belén Martínez Delgado.

Finalmente, na categoría de literatura infantoxovenil, compiten *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros; *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz; *O Brindo de Ouro II. A táboa da Hospitalidade*, de Xesús Manuel Marcos; e *Valados*, tamén de Fernández Paz.